




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Traba e Vilán. Municipio: Laxe. Parroquias: Santo Estevo de Soesto. Extensión: 1,16km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Trátase de vertentes acantiladas con bastante altitude, pois están próximas a acadar os 200m snm., e pendentes regulares e notables, agás na vertente occidental do Castrallón, que é menos inclinada. Sen que sexa excesivamente recortada, a liña de costa presenta entrantes onde aparecen coídos e praias de area ao pé das paredes acantiladas. Estas son xeralmente inclinadas e dan lugar a unha costa baixa. O sector setentrional conta cun manto eólico tapizando a vertente.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade completamente incluída no dominio do granito de dúas micas, de gran medio a grosso, lixeiramente orientado, hercínico e cofecido como Tipo Laxe. O Cuaternario ten a súa representación nos sedimentos eólicos existentes na parte setentrional da unidade, procedentes de Soesto.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade acantilada incluída no ambiente climático Cálido e Húmido. Rexístranse entre 1200mm e 1400mm de precipitación acumulada media ao ano e a temperatura media está sempre por riba de 15°C. Oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C.

#### OS SOLOS

Solos en xeral pouco evolucionados dominando os regosois na maior parte da vertente acantilada e nos altos da Pena das Quenllas e Penedo do Corvo aparece o rochedo de silicatos ou leptosol lítico.


#### AS AUGAS

As augas desta unidade son drenadas a partir de pequenos leitos cuxos principais colectores chegan ás praias de Arnado, ao norte; e A Mesadoira, ao sur. Ambas as dúas quedan baixo a influencia das Augas Costeiras 20138.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Vertentes medias e baixas da unidade no LIC Costa da Morte. Pertencente ao IBA Costa da Morte. Dominio acantilado con importancia do hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos. Algunhas cavidades costeiras inclúen o hábitat 8330 de covas mariñas mergulladas e semimergulladas. A existencia de coídos e sectores de plataforma rochosa intermareal potencian o hábitat 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. As vertentes presentan potencialmente matos costeiros dos hábitats 4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos atlánticos costeiros con Erica vagans. Existe un manto eólico que se estende pola parte norte, incluíndo os hábitats de dunas fixas do grupo 21, dunas marítimas das costas atlánticas e potencialidades para o 2230, céspedes de Malcolmietalia e 2260, vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia, especialmente para o primeiro. As repoboacións degradan bastante a vexetación de mato ao sur. Conta con citas do taxon vulnerable protexido *Omphalodes littoralis* subsp. *Gallaecia*.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Nos cantís de Castrallón e Arnado predominan os usos forestais pois a maior parte do solo desta unidade está cuberta por piñeirais de repoboación e, puntualmente, pequenas parcelas de eucaliptos. O arboredo de repoboación sitúase nas vertentes montañosas, entre unha vía paralela á costa e as cimas. As formacións vexetais costeiras esténdense seguindo unha franxa desde a liña superior dos cantís á mencionada pista, que só é superada nunha pequena zona do norte no Castrallón, onde estas matogueiras se sitúan sobre un cordón de dunas que ascende sobre o relevo e que comunica as praias de Arnado e a praia de Soesto, na unidade do norte, que lle confiren á unidade un uso turístico e recreativo.

#### MORFOLOXÍA

Esta unidade presenta unha morfoloxía homoxénea na que as vertentes montañosas rematadas en cantís rochosos conforman a nota predominante da paisaxe. Algúns arrosos debuxan sutís valgadas que chegan á liña de costa en forma de pequenas enseadas denominadas Arnado e A Mesadoira. A ausencia de asentamentos de poboación fixo que a influencia antrópica na estrutura do territorio limítase aos cercados de pedra, inmediatos ao límite superior dos cantís, que articulaban o parcelario agropecuario tradicional. Posiblemente vinculado a eles, existe unha rede de camiños de entre os que destaca o que percorre a franxa costeira por encima dos cantís e que, na actualidade, dá acceso ás praias da unidade.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As infraestruturas de mobilidade son moi reducidas e pouco significativas. Sobresae o camiño tradicional paralelo á costa no tramo baixo das vertentes montañosas, e que foi ancheado para dar servizo ás praias e ás plantacións forestais desta zona. Deste ramal principal, diverxen outros de igual magnitude que chegan a puntos máis elevados dos montes, cuxa orixe está vinculada aos piñeirais de repoboación.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Os distintos catálogos de patrimonio cultural revisados non sitúan nesta área ningún elemento representativo, aínda que é interesante mencionar a existencia dos característicos muros feitos por amontoamento de pedras autóctonas, e fundados sobre a base dunha estrutura parcelaria tradicional, e que aínda hoxe son visibles nalgunhas zonas.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

A topografía do terreo e a ausencia de poboación estable nesta zona fan que a unidade se perciba como un medio afastado e solitario, que destina na súa maioría ás repoboacións forestais. Con todo, e polo mesmo motivo, as pequenas enseadas como a de Arnado, transmiten a sensación dunha paraxe recóndita e paradisíaca.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Os cantís de Castrallón e Arnado presentan unha morfloxía homoxénea na que as vertentes montañosas repoboadas rematadas en cantís rochosos conforman a nota predominante da paisaxe. A área, situada entre dous puntos tan representativos como a praia de Soesto ao norte e a de Traba ao sur, presenta unha consideración marxinal a escala municipal. Por iso, este tramo costeiro non aparece como unha área destacable pola súa especial valoración paisaxística, aínda que conta con enclaves singulares como a praia de Arnado e a súa pequena duna rampante, ademais de formar parte dun sector costeiro que atesoura un gran valor natural, integrado no LIC e ZEPVN de Costa da Morte. O punto de observación proposto situouse na cima do monte do Catasol, coincidindo co lugar máis elevado desta sección da costa, polo que é tamén un punto de referencia doutras unidades. Ademais, para a contemplación completa da paisaxe da unidade, resulta moi recomendable realizar o itinerario do camiño que transcorre paralelo ao mar, sobre os cantís.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



